

## LIMIAR

A Universidade de Vigo, ao abeiro do Artigo 136 dos seus Estatutos, e co fin de acadar as máximas cotas de calidade investigadora e adicar especial atención ao estudo da cultura e o medio natural de Galicia promovendo a investigación como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, dotouse dunha normativa de Centros de Apoio á Investigación (CAI). Esta Universidade, implantada nunha rexión europea de alta dependencia do mar (a pesca e actividades derivadas xeran arredor do 10% do PIB de Galicia), alberga unha das escasas titulacións de Ciencias do Mar existentes na Península, e posúe a mención de Campus de Excelencia Internacional do Goberno de España grazas á súa actividade investigadora no eido mariño. A Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT), creada en 2005 coa axuda de fondos FEDER, e ubicada na Illa de Toralla, (Coruxo, Concello de Vigo), xurde como resposta á vocación mariña desta Universidade, co obxecto de dotala de infraestruturas de investigación de excelencia en temas do mar. A Universidade de Vigo ademais acolle unha masa crítica de grupos de investigación en temas mariños altamente competitivos, de gran proxección, e cunha alta capacidade de captación de recursos externos, formados en Centros estatais e internacionais dotados de instalacións específicas para a investigación mariña.

Neste contexto a ECIMAT constitúese como CAI da Universidade de Vigo co obxectivo específico de proporcionar as infraestruturas necesarias a pe de mar para manter e mellorar o nivel científico acadado, proporcionar valor engadido e vantaxes competitivas para a captación de recursos externos. A xestión centralizada da ECIMAT permite, ao abeiro do Art. 146 dos Estatutos, a racionalización na explotación dos seus recursos e a óptima oferta de servizos de investigación a esta e outras universidades e centros de investigación públicos ou privados relacionados co mundo do mar e os cultivos mariños.

En cumprimento dos artigos antes mencionados dos Estatutos, da vixente normativa de Centros de Apoio á Investigación (CAI), e co fin de asegurar o bo funcionamento da ECIMAT establécese a seguinte normativa de funcionamento interno.

## CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Art. 1. A ECIMAT constitúese en Centro de Apoio á Investigación (CAI) coas funcións especificadas no Artigo 2 da normativa dos CAI. Consonte dita normativa, e coa autorización da Vicerreitoría de Investigación, a ECIMAT poderá realizar informes, traballos de carácter científico e tecnolóxico ou actividades específicas de formación para Organizacións ou Entidades públicas ou privadas, de xeito independente ou en colaboración con grupos de investigación da Universidade, mediante o

desenvolvemento de contratos, proxectos ou convenios de investigación de conformidade cós procedementos legalmente establecidos.

Art. 2. Coa autorización da Vicerreitoría de Investigación a ECIMAT poderá concorrer a convocatorias de axudas para persoal técnico e investigador, e solicitar proxectos de investigación propios ou en colaboración con grupos de investigación usuarios do Centro, sempre que as condicións das correspondentes convocatorias o permitan.

Art. 3. A ECIMAT, ubicada no Campus Mariño da illa de Toralla (Coruxo, Vigo), adscribese á Vicerreitoría de Investigación da Universidade

## CAPÍTULO II. ESTRUCTURA DA ECIMAT

Art. 4. A ECIMAT estrutúrase nas Unidades e Servizos especificados no Anexo 1, conformados polo persoal propio da ECIMAT e, no seu caso, de grupos de investigación da Universidade de Vigo usuarios do Centro que colaboren na súa oferta de servizos. Cada Unidade/Servizo terá unha persoa responsable, e un persoal técnico especialista coa titulación precisa para facer rendibles as infraestruturas do Centro.

Art. 5. De cara ó seu funcionamento habitual, e consonte o Artigo 4 da normativa dos CAI, a ECIMAT estará formada por:

- Directora ou director
- Comisión Xestora
- Persoal propio das Unidades e Servizos do Centro

Con obxecto de poñer en valor as infraestruturas dispoñibles e mellorar a oferta de servizos do Centro poderán formar parte da estrutura da ECIMAT o persoal de grupos de investigación da Universidade de Vigo usuarios habituais da ECIMAT, con espazo concedido no Centro, e con capacidade científico-técnica para liderar proxectos de investigación, informes, contratos de I+D e convenios de colaboración sustentados na utilización da infraestrutura do Centro.

Art. 6. O reitor ou reitora nomeará a persoa que dirixirá a ECIMAT, que será persoal con vinculación permanente á Universidade de Vigo con titulación superior, preferentemente de doutora ou doutor. Quen sexa responsable de cada unha das Unidades mencionadas no Anexo I, nomeadas pola Comisión de Investigación a proposta do director ou directora, serán persoal técnico especialista con titulación superior.

Art. 7. Son competencias de quen exerza a dirección da ECIMAT as establecidas no Artigo 5 da normativa dos CAI.

Art. 8. A Comisión Xestora da ECIMAT estará formada pola directora ou director da ECIMAT que a presidirá, tres representantes das Unidades da ECIMAT, e tres representantes dos grupos de investigación usuarios do Centro.

Art. 9. Son competencias da Comisión Xestora da ECIMAT as establecidas no Artigo 6 da normativa dos CAI.

Art. 10. A Comisión Xestora da ECIMAT poderá nomear un Comité Asesor Internacional da ECIMAT, formado por 3 a 5 membros que se elixirán de entre científicos ou científicas mariños de recoñecido prestixio internacional que teñan visitado o centro, e cun mandato de 5 anos.

Art. 11. Son competencias do Comité Asesor Internacional:

- O asesoramento á ECIMAT na súa política científica e captación de persoal investigador.
- O asesoramento á ECIMAT na súa política de difusión internacional
- O control externo da xestión da ECIMAT, mediante a redacción de informes bianuais dirixidos á Vicerreitoría de Investigación.

Art. 12. Son competencias das persoas responsables de Unidade da ECIMAT

a) Supervisar e coordinar as actividades e o funcionamento diario de rutina de todas as instalacións e espazos da ECIMAT adscritos á súa Unidade, excluíndose aqueles espazos adxudicados aos grupos de investigación internos e externos e as súas instalacións particulares.

b) Supervisar o traballo do persoal en formación dependente directamente da súa Unidade.

c) Coordinar as labores de asistencia técnica á ECIMAT

d) Supervisar as labores derivadas dos contratos de mantenza das instalacións comúns do centro.

Art. 13. Son funcións do persoal da ECIMAT

a) A captación de recursos externos mediante a elaboración de informes e estudos técnicos, e no seu caso, mediante a realización de proxectos de Investigación, coa autorización previa da Vicerreitoría de Investigación.

b) A atención directa á usuaria ou usuario proporcionando o asesoramento axeitado para o correcto uso das instalacións e os equipos.

c) A mantenza de rutina das instalacións e os equipos en condicións óptimas para o seu uso

d) A actualización das técnicas e a posta a punto de novas metodoloxías e a súa difusión, para o que se promoverá a súa asistencia a cursos de formación, congresos, seminarios, etc., tanto en centros estatais como estranxeiros.

e) A relación coas técnicas e técnicos comerciais para a actualización da información sobre as instalacións e o equipamento científico-tecnolóxico.

f) A participación na investigación aplicada dos distintos grupos da Univ. de Vigo que o soliciten, o que redundará na posta a punto de novos servizos tecnolóxicos.

g) O subministro de organismos mariños cultivados nas instalacións da ECIMAT.

### CAPÍTULO III. PERSOAS USUARIAS E NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Art. 14. A ECIMAT prestará servizos de apoio ás actividades investigadoras do persoal docente, investigador e estudantes de doutoramento da Universidade de Vigo, así

como calquera Organismo ou entidade pública ou privada que o solicite, mediante a correspondente solicitude telemática dispoñible na páxina web da ECIMAT.

Art. 15. A utilización dos servizos da ECIMAT implica que se asumen a normas de utilización recollidas nesta normativa (Anexo II) e acatan as instrucións específicas de uso de instalacións e equipos recibidas polo persoal da ECIMAT responsable das mesmas.

Art. 16. Queda especificamente excluída da ECIMAT calquera actividade que poida conlevar un dano ao medio, (p.ex. manexo en circuíto aberto de organismos infecciosos ou organismos modificados xeneticamente, liberación de organismos vivos alóctonos ou de sustancias tóxicas persistentes ou radioactividade ao medio), comprometéndose as persoas usuarias ao cumprimento estrito da lexislación vixente.

Art. 17. No referente ao uso de espazos e equipamento polas usuarias e usuarios internos e externos á Universidade de Vigo, a ECIMAT conta con tres tipos de espazos: zonas susceptibles de cesión a grupos de investigación de acordo ás condicións fixadas na presente normativa, zonas comúns a tódolas persoas usuarias, e zonas de acceso restrinxido accesibles só ao persoal da estación. A delimitación das diferentes zonas especifícase no Anexo III.

Art. 18. No referente ao uso e disfrute de espazos e equipamento, a Dirección da ECIMAT poderá, previa motivación razoada e consultada a Comisión Xestora e coa aprobación da Comisión de Investigación, interromper dito uso e disfrute se este non se adapta ao funcionamento e obxectivos do Centro ou se existe unha infrautilización prolongada no tempo dos espazos concedidos aos grupos.

#### CAPÍTULO IV. CESIÓN DE ESPACIOS A GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

Art. 19. Os espazos da ECIMAT habilitados a eses efectos poden ser cedidos a grupos de investigación da Universidade de Vigo de acordo aos artigos 20 a 22 da presente normativa, ou a entidades públicas ou privadas externas que colaboren con algún grupo de investigación desta Universidade, de acordo ao artigo 23 da presente normativa. En tódolos casos o uso de espazos debe ser solicitado á Dirección da ECIMAT por un investigador ou investigadora responsable dun grupo de investigación da Universidade, mediante solicitude que faga constar:

- afiliación do grupo de investigación e, no seu caso, das entidades colaboradoras externas á Universidade de Vigo que van facer uso do espazo
- no seu caso, número de referencia do Contrato/Informe polo que se rexe á colaboración coa entidade colaboradora externa e/ou referencia do Convenio de colaboración vixente
- motivación da solicitude que xustifique a necesidade de espazo a pe de mar
- requirimentos do espazo solicitado (m<sup>2</sup>, volume e calidade de auga de mar, outros requirimentos)
- período de uso solicitado (máximo 3 anos)
- infraestrutura aportada por quen sexa solicitante e, no seu caso, entidades colaboradoras

- lista completa de persoal autorizado a acceder ao espazo solicitado (nome, DNI e vinculación coa Universidade ou Institución de orixe)
- designación dunha ou dun membro do equipo con ubicación permanente no espazo concedido como responsable de módulo, que actuará como interlocutora ou interlocutor dos técnicos e técnicas da ECIMAT e será responsable do equipamento desprazado polo grupo e/ou entidades colaboradoras.
- lista completa de residuos tóxicos xerados polas actividades propostas e estima das correspondentes cantidades.

Art. 20. Considerando as limitacións de espazo na ECIMAT admitiranse peticións mixtas respaldadas por máis de un grupo de investigación, en cuxo caso a priorización terá en conta a suma dos méritos dos grupos solicitantes. Así mesmo a Dirección poderá recomendar a concesión compartida dun laboratorio a dous ou máis grupos peticionarios en función da dispoñibilidade de espazos e a compatibilidade de usos dos mesmos.

Art. 21. A Dirección priorizará as solicitudes recibidas e as elevará, co visto e prace da Comisión Xestora, á Vicerreitoría de Investigación para súa aprobación pola Comisión de Investigación. Para priorizar as solicitudes teranse en conta en primeiro lugar uns requisitos mínimos e en segundo lugar uns indicadores da actividade investigadora do grupo ou grupos solicitantes.

*Requisitos mínimos:*

- Pertencer á Universidade de Vigo ou a un Centro Público de Investigación relacionado co medio mariño que teña asinado convenio marco de colaboración coa Universidade de Vigo.
- Desenvolver actividades de investigación en temática mariña.

*Indicadores:*

- Consideración do grupo como Grupo de Referencia Competitiva ou Grupo de Potencial Crecemento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.
- Produción de investigación e Produción de transferencia recente dos membros do grupo e no seu caso entidade colaboradora externa.
- Proxectos de investigación ou contratos de I+D vixentes de temática mariña.
- Valor engadido que se desprende do uso dun espazo a pe de mar para a investigación solicitada.

Art. 22. A concesión de espazos na ECIMAT terá unha duración máxima de 3 anos prorrogables, e leva aparelado:

- o uso en exclusiva do espazo asignado por parte do persoal do grupo mencionado na solicitude
- o dereito de acceso ás áreas comúns da estación por parte do persoal do grupo mencionado na solicitude
- o dereito de uso compartido do equipamento científico común da estación por parte do persoal do grupo mencionado na solicitude, nos termos e condicións

estipulados polo persoal da ECIMAT responsables de dito equipamento (ver Anexos II e III)

Art. 23. A concesión de espazos na ECIMAT a entidades externas á Universidade de Vigo esixirá o establecemento dun Convenio específico de colaboración entre a entidade solicitante e esta Universidade ou a sinatura dun contrato de I+D cun grupo de investigación da Universidade de Vigo.

#### CAPÍTULO V. USO DE ESPACIOS COMÚNS POR PERSOAL INVESTIGADOR VISITANTE

Art. 24. A ECIMAT dispón dun número de prazas limitadas para o uso das súas zonas comúns por persoal investigador visitante de outras institucións con fines de investigación. Estas visitas rexeranse consonte o Artigo 12 da normativa de CAI.

Art. 25. Os investigadores e investigadoras visitantes sufragarán unhas tarifas e terán asignado na ECIMAT durante o período da visita:

- o uso en exclusiva dunha mesa de traballo
- o dereito de acceso ás áreas comúns da estación.
- o dereito de uso compartido do equipamento científico común da estación nos termos e condicións estipulados polas persoas responsables da mesma (ver Anexo II)

#### CAPÍTULO VI. XESTIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS E FUNCIONAMENTO ADMINISTRATIVO

Art. 26. A ECIMAT terá un procedemento de xestión económica propio, sustentado na correspondente aplicación orzamentaria consignada no orzamento anual da Universidade de Vigo, na que se reflectirán os ingresos e gastos derivados da súa actividade, de ser o caso. Os gastos de mantenza das instalacións e equipos da ECIMAT necesarios para o seu correcto funcionamento básico serán sufragados con cargo á súa aplicación orzamentaria.

Art. 27. A utilización das infraestruturas, espazos e servizos da ECIMAT levará aparellado o abono dunhas tarifas establecidas para tres tipos de persoas usuarias que serán elaboradas pola Comisión Xestora, aprobadas anualmente en Consello de Goberno a proposta da Comisión de Investigación, e publicadas anualmente xunto aos orzamentos da Universidade.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

1a. Esta normativa entrará en vigor ó día seguinte de ser aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo

2a. Esta normativa poderá ser modificada polo Consello de Goberno a proposta da Comisión de Investigación ou a proposta da Comisión Xestora da ECIMAT previo informe favorable da Comisión de Investigación.

## ANEXO I

### ESTRUCTURA ORGANIZATIVA E SERVIZOS OFRECIDOS POLA ECIMAT

De cara ao seu funcionamento, a ECIMAT estrutúrase nas seguintes unidades: Unidade de Cultivos Mariños, Unidade de Medio Mariño, Unidade de Calidade Ambiental e Infraestrutura Xeral da ECIMAT. Entre os servizos que pode ofrecer a ECIMAT atópanse:

#### 1. Unidade de Cultivos Mariños:

-Subministro de auga de mar de diferentes calidades en grandes volumes (crúa, microfiltrada, microfiltrada e acondicionada térmicamente)

-Organismos mariños cultivados (cultivos de fitoplancto, rotífero, artemia e copépodos, cultivos larvários, xuveniles e engorde de moluscos e peixes, stock de reprodutores)

#### 2. Unidade de Medio Mariño:

-Toma de mostras de auga mariña, plancto e bentos.

-Infraestrutura de mergullo científico.

-Embarcación cabinada de 7 m con motor intraborda.

-Embarcación de 5 m con motor foraborda.

-PerfiladorCTD e sonar de barrido lateral.

-Sala de cuarentena para organismos mariños autóctonos e alóctonos.

#### 3. Unidade de Calidade Ambiental:

-Servizo de histoloxía:

Laboratorio de microscopía e análise de imaxe.

Laboratorio de histoloxía.

-Servizo de Laboratorio:

Laboratorio de análise físico-química e ecotoxicolóxica.

#### 4. Infraestrutura Xeral da ECIMAT:

-Pantalán para embarcacións de pequeno calado.

-Salas isotérmicas axeitadas para a mantenza de todo tipo de organismos mariños a escala experimental.

-Sala de actos e proxeccións (50 prazas) para reunións e encontros de persoal investigador.

-Salas Toralla para plantas piloto de empresas

-Laboratorio de docencia, para actividades prácticas de docencia, formación e difusión.

## ANEXO II

### NORMAS DE UTILIZACIÓN DE SERVICIOS DA ECIMAT

1. Os servizos ofrecidos pola ECIMAT, especificados no Anexo I, poderán ser consultados no sitio web da ECIMAT, <http://www.ecimat.org>, e solicitados mediante a aplicación informática dispoñible na mesma.

2. As solicitudes irán dirixidas á persoa responsable de Unidade correspondente, quen comunicará a cada solicitante a dispoñibilidade do servizo solicitado e, no caso de non corresponderse con exactitude a un servizo tarifado, enviará a quen sexa solicitante o orzamento correspondente de dito servizo para a súa conformidade.

3. Tódalas solicitudes externas deben ser autorizadas pola persoa responsable da entidade solicitante. Tódalas solicitudes internas deben incluír un número de partida orzamentaria á que se cargará o importe do servizo, e deben ser autorizadas por quen sexa responsable de dita partida.

4. O persoal administrativo da ECIMAT levará un libro de rexistro das solicitudes, no que se rexistrarán as mesmas por estrita orde cronolóxica, indicando, no seu caso, a Unidade da ECIMAT responsable da prestación do servizo solicitado.

5. As solicitudes de servizos que impliquen uso de espazos e/ou equipamento científico deben adaptarse á dispoñibilidade dos mesmos, a cal poderá consultarse a través do sitio web da Estación.

6. A usuaria ou usuario do equipamento de uso común da ECIMAT, sexa por cesión de espazos a grupos de investigación, sexa por uso de espazos comúns por persoal investigador visitante, ten a obriga de seguir puntualmente as instrucións do persoal da ECIMAT responsable de dito equipamento e, no seu caso, asinar no caderno de rexistro dos equipos utilizados. A responsabilidade dos perxucios derivados do uso negligente dos equipos por parte das persoas usuarias dos servizos recaerá sobre ditas persoas.

7. O cobro das tarifas será tramitado polo persoal administrativo da ECIMAT de acordo coas normas de xestión económica aprobadas pola Xerencia da Universidade.

8. Os usuarios e usuarias da ECIMAT deberán mencionar nas súas publicacións científicas os servizos prestados pola ECIMAT e entregar unha fotocopia das mesmas para o arquivo do centro.

9. Tanto o persoal propio da ECIMAT como as usuarias e usuarios con espazos concedidos e persoal investigador visitante solicitarán da administración do centro a tarxeta magnética identificativa que lles dará acceso aos laboratorios comúns e que deberán lucir durante a xornada laboral.



## ANEXO III

### TIPOS DE ESPAZOS NA ECIMAT

A ECIMAT conta con tres tipos de espazos: zonas susceptibles de cesión a grupos de investigación da Universidade de Vigo e entidades colaboradoras externas de acordo ás condicións fixadas na presente normativa, zonas comúns a tódolas persoas usuarias, e zonas de servizo accesibles só ao persoal da estación. Estas zonas están identificadas na ECIMAT por letreiros indicativos de cores azul, verde e laranxa respectivamente.

-Na categoría de zonas susceptibles de cesión aos grupos de investigación (**código azul**) figuran:

Catro laboratorios modulares de 60 m<sup>2</sup> cada un, unha sala isotérmica de 10 m<sup>2</sup>, dous baixo-módulos de 30 m<sup>2</sup>, que poden ser de uso exclusivo ou compartido entre varios grupos de investigación, e dous baixo-módulos de 30 m<sup>2</sup> -salas "Toralla"- para plantas piloto para empresas.

-Na categoría de zonas comúns (**código verde**) inclúense:

Un laboratorio seco de 53 m<sup>2</sup>, un laboratorio húmido de 60 m<sup>2</sup>, un laboratorio de docencia de 60 m<sup>2</sup>, dúas cámaras frías (4°C e -20°C), dúas salas isotérmicas (10-25°C) de 10 m<sup>2</sup>, un pañol de mergullo con vestiarios, e unha sala de actos e proxeccións de 67 m<sup>2</sup> cun aforo de 50 persoas. Os laboratorios húmido, de mostras e as salas isotérmicas posúen redes de aire, auga doce e auga de mar crúa e microfiltrada.

-Na categoría de zonas de acceso restrinxido (**código laranxa**) inclúense o espazo de administración, instalacións, taller, unha sala de cuarentena de 15 m<sup>2</sup>, un laboratorio de peixes de 30 m<sup>2</sup>, un laboratorio de moluscos e crustáceos de 60 m<sup>2</sup> e dúas salas de cultivos auxiliares de 10 e 16 m<sup>2</sup>.